



Concello de A Illa de Arousa

C.I.F. nº P8600004I
Rúa Palmeira 25 - 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)
Tf. 986527080 - Fax 986528700
e-mail : concello@ailladearousa.es

ACTA III DA MESA DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN DO INVESTIMENTO DE "REHABILITACIÓN DAS VIVENDAS Nº 1, 3 E 5 DA R/ MARQUÉS DE BRADOMÍN PARA EQUIPAMENTOS SOCIOCULTURALS"

Na Casa do Concello de A Illa de Arousa, sendo as doce horas do día vinte e sete de agosto de dous mil dezaoto, reúnese a Mesa de Contratación para a adxudicación do investimento de "REHABILITACIÓN DAS VIVENDAS Nº 1, 3 E 5 DA R/ MARQUÉS DE BRADOMÍN PARA EQUIPAMENTOS SOCIOCULTURALS", presidida polo Sr. Alcalde-Presidente D. Carlos Iglesias Cores, asistindo como vocais os Concelleiros Dna. María Rosa Viana Rodríguez, D. Alfonso Salgado Alonso, D. Juan José González Vázquez e Dna. Laura Castro Rial, o Secretario-Interventor D. Daniel Angel Lamas Bello, a Arquitecta municipal Dna. Pastora Parada Portas, e actuando como secretario o funcionario D. Xoán Manuel Dopico Orjales.

O Sr. Secretario informa que se recibiron as aclaracións das ofertas incluídas nos sobres B relativos a documentación avaliable a través de xuízo de valor das seguintes entidades admitidas no proceso:

- ACCIONA CONSTRUCCIÓN SA - CONSTRUCCIONES RAMÍREZ SLU.
- CONSTRUCCIONES ABAL SA.
- UTE CONSTRUCCIONES OREGA SL - COVIASSTEC SL.
- PRECONTE CONSTRUCCIONES Y SERVICIOS SL.
- COPCISA SA.

A continuación procede á lectura da cláusula 19ª do pliego de cláusulas administrativas particulares, que sinala literalmente:

19.- CUALIFICACIÓN DA DOCUMENTACIÓN XERAL E APERTURA DE PROPOSICIÓN.

A Mesa de Contratación constituirase o quinto día hábil tras a finalización do prazo de presentación das proposicións, ás 12,00 horas, e procederá á apertura dos Sobres A e cualificará a documentación administrativa contida nos mesmos.

Se fose necesario, a Mesa concederá un prazo non superior a tres días hábiles para que o licitador corrixa os defectos ou omisións subsanables observados na documentación presentada do órgano de contratación, que se comunicará por fax ou por correo electrónico ós interesados, e se fará público a través do perfil do contratante, baixo apercebimento de exclusión definitiva do licitador se no prazo concedido non procede á subsanación da documentación.

Posteriormente a Mesa, en acto público, sinalará as ofertas cualificadas como admitidas e as inadmitidas, e procederá á apertura dos sobres B, correspondentes á documentación técnica valorable mediante criterios non avaliables mediante fórmulas.

Tras a lectura de devanditas proposicións, esta documentación trasladarase ó equipo técnico redactor do proxecto, que a avaliarán e a poderarán segundo ós criterios e ás ponderacións establecidas neste Prego.



Concello de A Illa de Arousa

C.I.F. nº P86000041
Rúa Palmeira 25 - 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)
Tf. 986527080 - Fax 986528700
e-mail : concello@ailladearousa.es

Unha vez avaliada esta documentación técnica, sinalarase no perfil do contratante do Concello a data e hora na que se procederá, en acto público, á apertura dos sobres C da documentación correspondente á valoración de criterios avaliados mediante fórmulas.

Neste acto darase a coñecer a ponderación asignada á proposta técnica de cada participante e procederase á apertura dos sobres C daquelas entidades participantes que obtivesen unha valoración superior a 30 puntos sobre os criterios non avaliados mediante fórmulas.

A Mesa de Contratación poderá solicitar, antes de formular a súa proposta, cantos informes considere precisos e se relacionen co obxecto do contrato.””

Seguidamente dáse lectura ó informe técnico emitido polo equipo redactor do proxecto en relación ca valoración dos sobres B e puntuación outorgada a cada entidade participante na licitación:

“”CONCELLO DE A ILLA DE AROUSA

Sr. Alcalde do Concello de A Illa de Arousa

Le remito el informe técnico sobre el contenido de los sobres B, correspondiente a los criterios no evaluables mediante fórmulas para la contratación de las obras: “REHABILITACION DE LAS VIVIENDAS No 1, 3 Y 5 DE LA CALLE MARQUES DE BRADOMIN PARA EQUIPAMIENTOS SOCIOCULTURALES”, que se me ha enviado el día 20 de agosto del 2018.

Empresas presentadas de las que se solicita informe:

- OREGA - COVIASSTEC SL*
- ACCIONA- RAMIREZ*
- PRECONTE CONSTRUCCIONES Y SERVICIOS SL*
- COPCISA*
- CONSTRUCCIONES ABAL SA*

Tal y como se señala en el Pliego de Cláusulas Administrativas particulares, para la adjudicación de la obra, se valorará la Memoria Constructiva con un máximo de 40 puntos.

La Memoria de Seguridad y Salud con un máximo de 5 puntos. Y el Programa de Actuaciones Ambientales con un máximo de 5 puntos.

En la valoración de la Memoria Constructiva, se ha tenido en cuenta lo especificado en el Pliego, que se resume de forma simplificada en los apartados siguientes: metodología, provisiones y medidas a emplear, conocimiento del proyecto y del terreno donde se ejecutaran las obras, medios materiales y humanos adscritos, teniendo en cuenta en el equipo técnico su curriculum y experiencia en obras similares.

Se valorará así mismo las mejoras aportadas, tanto en la disminución de plazos como en el importe y calidad de las obras a ejecutar.



Concello de A Illa de Arousa

C.I.F. nº P86000041
Rúa Palmeira 25 – 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)
Tf. 986527080 – Fax 986528700
e-mail : concello@ailladearousa.es

El listado de empresas, de acuerdo a su puntuación, es la siguiente:

ACCIONA- RAMIREZ = 43 puntos
OREGA – COVIASSTEC SL = 39 puntos
CONSTRUCCIONES ABAL SA = 34 puntos
COPCISA = 26 puntos
PRECONTE CONSTRUCCIONES Y SERVICIOS SL = 17 puntos

Se adjunta un esquema indicativo de la valoración realizada, donde se refleja los criterios más importantes que se han seguido.

CONTENIDO	ACCIONA- RAMIREZ	OREGA- COVIASSTEC SL	CONSTRUCCIONES ABAL SL	COPCISA	PRECONTE
Memoria constructiva, metodología, provisión de medios a emplear, conocimiento del proyecto y del terreno donde se ejecutarán las obras	20	16	14	10	8
Equipo técnico, curriculum, experiencia en obras similares	10	6	5	5	4
Plazos	4	5	4	3	
Mejoras		4	3	1	
Memoria de seguridad y salud	5	4	4	3	3
Programa de actuaciones ambientales	4	4	4	4	3
TOTAL	43	39	34	26	17

A Coruña, 23 de agosto de 2018

Fdo. Manuel Gallego””

A continuación e en relación cos sobres C relativos ós criterios avaliados mediante fórmulas, a cláusula 13.2 do prego, no que a este tema se refire, sinala o seguinte:

“13.2.- Enumeración dos criterios avaliados mediante fórmulas (SOBRE C):

Nota importante: So se procederá á apertura e valoración das propostas do Sobre C daquelas empresas que obtivesen unha ponderación dos criterios avaliados mediante xuízos de valor que superen os 30 puntos.



Concello de A Illa de Arousa

C.I.F. nº P8600004I
Rúa Palmeira 25 – 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)
Tf. 986527080 – Fax 986528700
e-mail : concello@ailladearousa.es

Os criterios avaliábelles mediante fórmulas valoraranse con máximo de 50 PUNTOS, de conformidade cos seguintes criterios:

- Valoración da oferta económica, ata un máximo de 40 puntos.
- Melloras en mobiliario e equipamento interior dos inmobles, ata un máximo de 10 puntos.

13.2.1.- Valoración da oferta económica, ata un máximo de 40 puntos.

Entenderase por ofertas admitidas todas aquelas que non quedaren excluídas unha vez aberta a documentación administrativa contida no Sobre A, e unha vez celebrado o acto público de apertura de documentación técnica contida no Sobre B e a súa posterior análise, así como todas aquelas que non sexa declaradas desproporcionais ou anormais.

Para os efectos da consideración de presunción de ofertas con valores anormais ou desproporcionados, considerarase que están incursos nesta situación (baixa temeraria) as proposicións cunha baixa que superen nun 5,00% o valor da baixa media de todas as ofertas admitidas administrativa ou tecnicamente.

As ofertas que coincidan co orzamento base de licitación valoraranse en 0,00 puntos.

A oferta máis baixa das admitidas valorarase con 40,00 puntos.

As ofertas intermedias valoraranse de acordo ca fórmula que se indica a continuación:

$$\text{Puntuación máxima} \times \frac{\text{Prezo licitación} - \text{Prezo ofertado}}{\text{Prezo licitación} - \text{Prezo máis baixo}}$$

13.2.2.- Melloras en mobiliario e en equipamento interior dos inmobles, ata un máximo de 10 puntos.

En relación con estas melloras, deberase presentar un importe económico global da cantidade ofertada, na que non se terán en conta os gastos xerais, o beneficio industrial, nin o IVE.

O responsable do contrato ou a dirección de obra decidirán sobre as características do mobiliario e equipamento no que se aplicará a cantidade ofertada como mellora neste apartado.””

Dado que as entidades COPCISA e PRECONTE CONSTRUCCIONES Y SERVICIOS SL non alcanzan a puntuación mínima de 30 puntos sinalada na cláusula 13.2 do prego, acórdase por unanimidade de todos os presentes non proceder á valoración dos sobres C das indicadas entidades.

A continuación procédese á apertura dos sobres C das empresas admitidas e que acadaron un mínimo de 30 puntos na valoración dos sobres B, co seguinte resultado:

CONSTRUCCIONES ABAL SL



Concello de A Illa de Arousa

C.I.F. nº P86000041
Rúa Palmeira 25 – 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)
Tf. 986527080 – Fax 986528700
e-mail : concello@ailladearousa.es

- Importe: 1.868.988,73 €
- IVE: 392.487,63 €
- Total: 2.261.476,39 €

Importe da baixa: 338.523,61 €

Melloras en mobiliario e equipamento interior dos edificios: 100.025,00 €

OREGA-COVIASSTEC

- Importe: 1.849.865,00 €
- IVE: 388.471,65 €
- Total: 2.238.336,65 €

Importe da baixa: 361.663,35 €

Melloras en mobiliario e equipamento interior dos edificios: 25.000,00 €

ACCIONA-RAMIREZ

- Importe: 2.062.809,92 €
- IVE: 433.190,08 €
- Total: 2.496.000,00 €

Importe da baixa: 104.000,00 €

Melloras en mobiliario e equipamento interior dos edificios: 42.975,21 €

A continuación dáse por rematado o acto público, procedendo á valoración das ofertas dos sobres C a mesa de contratación.

O Sr. Secretario da lectura á cláusula 14º do prego, que sinala:

“14.- OFERTAS CON VALORES ANORMAIS OU DESPROPORCIONADOS.

Consideranse ofertas con valores anormais ou desproporcionados as proposicións cunha baixa que supere nun 5,00% o valor da baixa media de todas as ofertas admitidas administrativa ou tecnicamente.

Cando a Mesa de Contratación considere que a proposición non se poderá cumprir como consecuencia das baixas anormais ou desproporcionadas, darase audiencia ó contratista, por un prazo máximo de cinco días hábiles, para que xustifique a valoración da oferta e precise as condicións da mesma, en particular no que se refire ó aforro que permita o procedemento de execución do contrato, as solucións técnicas adoptadas e as condicións excepcionalmente favorables de que dispoña para executar a prestación, a orixinalidade das prestacións propostas, o respecto ás disposicións relativas á protección do emprego e as condicións de traballo vixentes no lugar en que se vaia a realizar a prestación, ou a posible obtención dunha axuda do Estado.



Concello de A Illa de Arousa

C.I.F. nº P8600004I
Rúa Palmeira 25 - 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)
Tf. 986527080 - Fax 986528700
e-mail : concello@ailladearousa.es

No procedemento solicitarase o asesoramento técnico correspondente.””

Para a aplicación desta cláusula se suman os importes das baixas, se calcula a media destas e despois o importe do 5% da media, co seguinte resultado:

- Suma das baixas: 804.186,96 €
- Importe da media das baixas: 268.062,32 €
- 5%: 13.403,12 €
- Cantidade a partires da cal se considera valor anormal ou desproporcionado (268.062,32 + 13.403,12): 281.465,44 €

Deste modo a mesa de contratación acorda por unanimidade de todos os seus membros:

1.- Abrir un prazo de audiencia de CINCO DÍAS HÁBILES ás entidades sinaladas a continuación para a xustificación da súa oferta e precise as condicións da mesma, en particular no que se refire ó aforro que permita o procedemento de execución do contrato, as solucións técnicas adoptadas e as condicións excepcionalmente favorables de que dispoña para executar a prestación, a orixinalidade das prestacións propostas, o respecto ás disposicións relativas á protección do emprego e as condicións de traballo vixentes no lugar en que se vaia a realizar a prestación, ou a posible obtención dunha axuda do Estado, tal e como se dispón na cláusula 14ª do prego de cláusulas administrativas particulares:

- CONSTRUCCIONES ABAL SL
- OREGA-COVIASSTEC

2.- Unha vez recibida a xustificación ou transcorrido o prazo de audiencia, as mesmas remitiranse ó equipo redactor do proxecto ós efectos de asesoramento técnico correspondente.

Non habendo máis asuntos que tratar e sendo as doce e cuarenta e cinco horas do día da data levántase a sesión, da que eu como secretario dou fe.

O ALCALDE

O SECRETARIO DA MESA

OS VOCAIS

Juan José

[Handwritten signatures]

David Roura

[Handwritten signature]